

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE MARZO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ares dos treitos finais das estradas AC-123, AC-124 e AC-130, xunto co seu dominio público viario (DPV).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Viveiro de varios treitos de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto co seu dominio público viario (DPV).

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a súa convocatoria para o ano 2026, por un importe de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2026, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación da obra de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na RAEG (Rede autonómica de estradas de Galicia) nas rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega da paisaxe Horizonte 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG) 2026-2029, por un importe total de catro millóns setecentos trinta e un mil catrocentos corenta e nove euros (4.731.449,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación de concerto social para a execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 para os anos 2026 a 2029, cun importe do orzamento do servizo de dous millóns oitocentos vinte e dous mil douscentos oitenta e oito euros con nove céntimos (2.822.288,09 €), e valor estimado de catro millóns douscentos trinta e tres mil catrocentos trinta e dous euros con quince céntimos (4.233.432,15 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Atención Temperá, para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como ás súas familias para o exercicio 2026, cun importe de setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Paraplégicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e ás súas familias, así como para o mantemento da entidade para o exercicio 2026, cun importe de cincuenta e cinco mil cento corenta e dous euros (55.142,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara de interese autonómico o Proxecto de ampliación das instalacións de prefabricados Santa Comba, en Santa Comba, A Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418, de Malpica, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de douscentos setenta e cinco mil douscentos sete euros con oitenta e oito céntimos (275.207,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. para licitar os servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, dun edificio de vivendas de promoción pública (VPP) na rúa da Lagoa, A Ramallosa, concello de Teo (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de oito millóns setecentos setenta e oito mil setenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (8.778.075,93 €).
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para licitar as obras de construción dun edificio para 172 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela M-V-7 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de trinta e sete millóns cento noventa e seis mil catrocentos trece euros con dez céntimos (37.196.413,10 €), IVE incluído, e un valor estimado de trinta e tres millóns oitocentos catorce mil novecentos vinte e un euros (33.814.921,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Arteixo (UA-44, A Penouqueira, A Baiuca).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de produtos hemostáticos, adhesivos, seladores e antiadherentes cirúrxicos para os servizos das áreas sanitarias da Coruña-Cee; Santiago de Compostela-Barbanza; Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos; Ferrol; Vigo; Pontevedra-O Salnés; e Ourense-Verín-O Barco, por un importe total de licitación de doce millóns cincocentos corenta mil douscentos nove euros con trinta e dous céntimos, con IVE (12.540.209,32 €), e un valor estimado de vinte e un millóns setenta e cinco mil trescentos vinte e nove euros con trece céntimos, sen IVE (21.075.329,13 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo Galego Saúde do contrato baseado no acordo marco (MA-SER4-23-005) para a prestación de servizos de hemodiálise en centros extrahospitalarios e da hemodiálise domiciliaria na Área Sanitaria de Vigo, por un orzamento base de licitación de quince millóns douscentos oitenta mil catorce euros con once céntimos (15.280.014,11 €) e un valor estimado de vinte e nove millóns seiscentos vinte e un mil catrocentos trinta e sete euros con noventa e seis céntimos (29.621.437,96 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a exonerar de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, e se efectúa a convocatoria para o ano 2026, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto Español de Oceanografía, Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (IEO-CSIC) para desenvolver o proxecto de estudo sobre a presenza das ouxas (*Myliobatis aquila*) no litoral das Rías Baixas. SOL-Ouxa II, para o período 2026-2027, por un importe de oitenta e tres mil cincocentos trinta e un euros con catorce céntimos (83.531,14 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei galega de infancia e adolescencia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o impacto da política industrial da Xunta de Galicia no sector durante o período 2023-2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os procesos selectivos que se convocarán no ano 2026.
- Informe do avance de peche do exercicio orzamentario de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a incidencia da tuberculose en Galicia: características dos casos no ano 2024. Evolución do período 1996-2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para a contratación de técnicos/as para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o balance dos traballos de restauración e recuperación realizados pola Consellería do Medio Rural no monte tras os incendios do verán de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ARES DOS TREITOS FINAIS DE TRES ESTRADAS AUTONÓMICAS NO SEU PERCORRIDO POLO MUNICIPIO

- Trátase de tres treitos das estradas AC-123, AC-124 e AC-130, xunto co seu dominio público viario
- Co cambio de titularidade, o Concello coruñés terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Ares dos treitos finais das estradas autonómicas AC-123 (do punto quilométrico 1+910 ao 2+210), AC-124 (do quilómetro 1+170 ao 1+770) e da AC-130 (do quilómetro 3+400 ao 4+240), xunto co seu dominio público viario.

Trátase de tres treitos finais de estradas, que teñen categoría funcional de rede local, discorren polo termo municipal do concello coruñés na súa totalidade e por solo clasificado como urbano polo instrumento de planeamento vixente no Concello.

En concreto, na estrada AC-123, que comunica Ferrol con Ares, transfírese o treito final de algo máis de 300 metros de lonxitude, que non interrompe a continuidade da rede de estradas de titularidade da Xunta, xa que no punto 1+910 se alcanza a periferia do núcleo urbano de Ares.

Transfírese tamén o treito final de 605 metros da estrada AC-124, comprendido entre o p.q. 1+430 (intersección coa DP 04 01) e o seu p.q. final, que forma parte do acceso ao Porto de Redes, desde o núcleo de Ares.

A AC-130 comunica os núcleos urbanos de Ares e Mugardos. O cambio de titularidade comprende o treito final de algo máis de 840 metros de lonxitude, sen interromper a continuidade da rede viaria autonómica, xa que no punto quilométrico 3+400 se tería alcanzado a periferia do núcleo urbano de Ares.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes, formula a proposta favorable á transferencia de titularidade dos citados treitos das estradas AC-123, AC-124 e AC-130.

A transferencia destas vías a prol do Concello de Ares tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Ares terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Treito final da AC-123:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Treito final AC-124:



Treito final da AC-130:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE VIVEIRO DE DISTINTOS TREITOS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS LU-540 E LU-862

- Trátase de dous treitos sobrantes da LU-862, tras a modificación do seu trazado, un á altura do lugar de Escourido e o outro do lugar de Sacido, na parroquia de San Xoán de Covas, así como do treito inicial da LU-540, coñecido como travesía da Mariña
- Co cambio de titularidade, ao Concello correspóndenlle todas as actividades de xestión, mantemento e explotación do treito transferido
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Viveiro de distintos treitos nas estrada de titularidade autonómica LU-540 e LU_862, xunto co seu dominio público viario.

O Concello de Viveiro solicitoulle á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, a transferencia de dous treitos sobrantes da estrada LU-862, resultantes da modificación do seu trazado, un á altura do lugar de Escourido e o outro á altura do lugar de Sacido, ambos os dous na parroquia de San Xoán de Covas, así como o treito inicial da estrada LU-540, coñecido como travesía da Mariña.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes, formula a proposta favorable á transferencia de titularidade dos citados treitos.

O artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG), dispón que os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou tramos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas

Co cambio de titularidade, ao Concello de Viveiro correspóndenlle todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito transferido.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA OS ESTABLECEMENTOS E OS RECURSOS TURÍSTICOS DA COMUNIDADE ESTE 2026 ACHEGANDO 6,5 M€

- O Consello da Xunta tomou razón de dúas ordes de convocatoria para realizar actuacións en aloxamentos e restaurantes e para consolidar a oferta turística no rural
- Resérvanse 3,5 M€ a proxectos de mellora dos aloxamentos e 1 M€ aos de restauración, coa finalidade de reforzar a oferta turística.
- Dotada con 2 M€, esta liña destinada a concellos de ata 10.000 habitantes busca consolidar a oferta turística no rural
- O pasado 2025 financiáronse actuacións en 212 establecementos turísticos e 67 concellos

O Consello da Xunta tomou en razón na súa reunión deste luns dúas novas convocatorias de axudas, que optimizarán, por un lado, os establecementos de aloxamento e restauración, e permitirán, polo outro, mellorar os recursos turísticos dos concellos de menos de 10.000 habitantes. Turismo de Galicia destinará no seu conxunto a estas dúas ordes de axudas, que saíran publicadas proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, un total de 6,5 M€.

A liña destinada a actuacións de mellora de infraestruturas dos establecementos de aloxamento e de restauración está dotada cun total de 4,5 M€, dos cales 3,5 M€ se destinarán a proxectos relacionados co aloxamento e 1 M€ aos de restauración. Os proxectos presentados poderán financiarse ata un 60 % do orzamento total, cun importe máximo de 60.000 €. O orzamento de 4,5 M€ iguala o importe destinado a esta convocatoria en 2025, cando se concederon 144 axudas a proxectos de aloxamento e 68 aos de restauración.

Esta convocatoria ten como obxectivo favorecer a mellora deste tipo de establecementos, consolidando unha oferta turística de calidade que contribúa á boa imaxe de Galicia a nivel global e reforce o valor estratéxico do turismo na economía galega.

Distintos tipos de actuacións

As axudas a establecementos turísticos inclúen distintos tipos de actuacións. Por unha banda, subvencionaranse obras destinadas a obter certificacións de calidade –en especial o Q de Calidade Turística–, así como as que busquen adaptar o establecemento ás modificacións normativas e á mellora da clasificación para garantir un incremento de categoría. Tamén se financiarán actuacións de renovación e modernización e embelecemento da contorna, e aqueles investimentos en equipamentos mobles necesarios para o funcionamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde inclúe tamén como subvencionables actuacións destinadas a melloras para a accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas; reformas na climatización e nos sistemas de extracción e renovación do aire que favorezan a sostibilidade e o aforro enerxético; na dixitalización dos sistemas de xestión e comercialización; e os sistemas de seguridade e saúde na prestación de servizos.

Recursos turísticos municipais

Por outra banda, a nova convocatoria de subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes prevé atender diversas actuacións de mellora nos recursos turísticos de carácter local. Así, entre as posibles actuacións están as de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante, a recuperación e o tratamento paisaxístico da contorna dos recursos turísticos, a súa iluminación ornamental, a adecuación de aparcadoiros ou a recuperación e creación de distintos elementos, e a dotación de miradoiros paisaxísticos ou rutas de sendeirismo.

Poderán ser tamén obxecto de subvención outras actuacións realizadas nos bens declarados de interese cultural. Aquí inclúese, por exemplo, o embelecemento de vías con materiais sostibles, o ocultamento de colectores de residuos, a eliminación de cablaxe aérea e antenas de comunicacións ou a conservación de recursos previamente beneficiarios destas axudas.

A convocatoria recolle tamén iniciativas de posta en valor turístico dos recursos, como a rehabilitación ou a restauración para a súa dedicación a usos turísticos distintos do aloxamento de persoas ou a recuperación de elementos de interese etnográfico ou da arquitectura tradicional.

Por último, inclúense actuacións relacionadas coa mellora da accesibilidade, como a eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso; iniciativas destinadas a facilitar o acceso á información de persoas con algún tipo de discapacidade sensorial, ou a sinalización dos recursos turísticos.

Esta nova convocatoria céntrase na consolidación da oferta turística nas zonas rurais – en concreto nos concellos de menos de 10.000 habitantes– a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística, para o que se destinan 2 M€. Os proxectos poderán ser subvencionados ao 100 % do orzamento previsto, ata un máximo de 30.000 €. O ano pasado destináronse tamén 2M€, que foron para un total de 67 proxectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 808.000 € Á MELLORA DE 37 PARAXES DE AUTOBÚS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS DE ACCESO POLO OESTE Á CIDADE DE PONTEVEDRA

- O Consello da Xunta toma razón da licitación das obras, que se publica hoxe mesmo na Plataforma de contratos públicos de Galicia
- As intervencións inclúen a dotación de marquesiñas, a mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e o incremento da visibilidade e iluminación
- Estas actuacións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paraxes de autobús que ten en marcha a Xunta nas estradas autonómicas para a mellora de máis dun milleiro de paraxes en toda Galicia cun investimento previsto de 35 M€

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da licitación por case 808.000 euros do contrato das obras para mellorar a accesibilidade e conectividade de 37 paraxes de autobús situadas nas estradas autonómicas no ámbito das rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra. A licitación publicouse hoxe mesmo na [Plataforma de contratos públicos de Galicia](#). As actuacións están cofinanciadas con fondos europeos Feder 2021-2027 e enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paraxes de autobús da Xunta, dotado con 35,5 millóns de euros para executar melloras en 1.100 paraxes de autobús en toda a Comunidade.

As intervencións realizaranse en paraxes dos concellos de Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño, situadas nas estradas PO-303, PO-308, PO-312, PO-316, PO-317, PO-531 e PO-550.

As obras consistirán na mellora do equipamento das paraxes, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille; melloras na información e sinalización ou no incremento da visibilidade e da iluminación. Ademais, mellorarase os apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paraxes.

Os traballos abranguen a colocación de refuxios de tipo rural e urbano, en función do lugar onde se encontre a paraxe, mellorando o equipamento, con novas marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático. No eido destas intervencións, en primeiro lugar, priorízase a localización óptima destas infraestruturas, en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos en que a pendente da estrada é menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paraxes cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto ás medidas de seguridade, eliminarase vexetación, mellorarase a visibilidade e a iluminación ou ampliarase o espazo ao redor das paraxes.

Ademais, as actuacións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paraxes, así como o reforzo do firme naqueles puntos en que se instalen as citadas marquesiñas.

As melloras pretenden, ademais, fomentar o uso do transporte público, diminuindo os movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SITÚA A PAISAXE COMO EIXE CENTRAL DAS POLÍTICAS AUTONÓMICAS A TRAVÉS DUNHA ESTRATEXIA TRANSVERSAL CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 207 M€ ATA 2030

- A nova estratexia ten como reto non só consolidar a paisaxe como valor ambiental, cultural e social, senón tamén como recurso estratéxico para un desenvolvemento territorial máis cohesionado, sostible e resiliente
- Este novo enfoque institucional supón un salto cualitativo que permitirá fomentar as sinerxías entre as diferentes consellerías para dar unha mellor resposta ás políticas públicas con incidencia territorial
- O Goberno galego márcase catro obxectivos xerais: avanzar na integración da paisaxe nas políticas sectoriais, protexela, xestionala, ordenala e coordinar e concienciar a poboación nesta materia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia galega da paisaxe: Horizonte 2030, que situará a paisaxe como eixe central das políticas autonómicas a través dunha planificación transversal cun orzamento de preto de 207 millóns de euros en cinco anos.

Esta é a primeira ocasión en que a Xunta pon en marcha unha estratexia en que se identifican as actuacións sectoriais de todos os departamentos autonómicos que poidan ter incidencia na paisaxe co obxectivo de que no seu desenvolvemento se lle dea especial prioridade aos criterios paisaxísticos. Este novo enfoque institucional supón un salto cualitativo que permitirá fomentar as sinerxías entre as diferentes consellerías para dar unha mellor resposta ás políticas públicas con incidencia territorial.

Ademais de promover unha acción coordinada, integrada e compartida por parte do Goberno galego, esta estratexia é resultado dun sólido proceso participativo e de consenso, no cal interviñeron tanto os departamentos da Xunta con competencias que inciden na paisaxe, como outras administracións públicas e un grupo asesor de persoas expertas na materia. En concreto, realizáronse máis de 41 encontros de traballo para deseñar a estratexia aprobada hoxe.

Esta actualización, que dá continuidade ao traballo que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET), vén desenvolvendo nos últimos anos, dá resposta a un escenario máis complexo e exixente, que está marcado pola loita contra o cambio climático, a evolución do marco normativo –por exemplo, coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia– e a nova realidade territorial e demográfica.

Nesa liña, a nova estratexia ten como reto non só consolidar a paisaxe como valor ambiental, cultural e social, senón tamén como recurso estratéxico para un desenvolvemento territorial máis cohesionado, sostible e resiliente. Polo tanto, ademais da integración estética, esta estratexia aposta pola paisaxe como un activo relevante

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para o desenvolvemento da Comunidade con catro obxectivos xerais: avanzar na integración da paisaxe nas políticas sectoriais, protexela, xestionala, ordenala e coordinar e concienciar a poboación neste eido.

Seis eixes estratéxicos

Para acadar eses obxectivos, a estratexia articúlase en seis eixes estratéxicos: posta en valor do patrimonio paisaxístico, paisaxes produtivas e resilientes, planificación territorial paisaxística, recuperación e restauración paisaxística, calidade de vida e benestar, e formación e sensibilización. Estes eixes materialízanse en 14 liñas de acción, das cales derivan un total de 32 actuacións.

Máis polo miúdo, o eixe para a posta en valor do patrimonio paisaxístico disporá de 71,1 millóns de euros para actuacións dirixidas á integración paisaxística do litoral –definirá, por exemplo, os criterios paisaxísticos que deberán reunir as persoas interesadas en formar parte da Rede de establecementos turísticos do litoral–, e á recuperación paisaxística e restauración dos sistemas fluviais, zonas húmidas e elementos etnográficos hídricos. Neste caso, entre outras accións, rehabilitaranse infraestruturas fluviais como represas, pontes peonís ou pasarelas que formen parte do patrimonio hidráulico, e melloraranse a accesibilidade e os servizos públicos nestas contornas coa creación ou mellora de sendeiros ou zonas de descanso.

A maiores, tamén se promoverá a conservación e a rehabilitación dos elementos do patrimonio cultural, como as contornas do Camiño de Santiago ou os mercados de abastos tradicionais, e a integración ambiental da súa contorna.

En canto ás paisaxes produtivas e resilientes, nas actuacións, que suporán un investimento de 56,2 millóns de euros, o obxectivo é a integración do sector agropecuario como configurador da paisaxe rural. Entre as actuacións previstas está a ordenación e a planificación das terras agrarias para optimizar o uso do solo e previr incendios –agrupacións forestais de xestión continua, etc.–; o fomento da produción multifuncional dos montes galegos, co impulso, por exemplo, de produtos non madeiros como o mel ou os cogomelos, ou o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza, como a rehabilitación de soutos.

De cara á mellora da resiliencia da Comunidade ante os efectos derivados do cambio climático, desenvolveranse accións nas contornas fluviais para restaurar a dinámica natural dos ríos e integrar paisaxisticamente as infraestruturas nas áreas con risco de inundación. Ademais, nas contornas urbanizadas promoverase a creación de refuxios climáticos.

No que atinxe á recuperación e restauración paisaxística, o obxectivo é rehabilitar as áreas antropizadas e aquelas contornas afectadas por incendios forestais. En concreto, destinaranse 10,7 millóns de euros á restauración ecolóxica e á integración paisaxística de zonas mineiras en desuso, das infraestruturas viarias –execución de ecodutos ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pasos de fauna, adecuación das travesías de entrada a núcleos de poboación, etc.– e das áreas industriais –creación de corredores verdes–.

Outro dos eixes desta estratexia ten como obxectivo a mellora da calidade de vida e do benestar da veciñanza, ofrecendo espazos de uso público sostibles, saudables e respectuosos coa paisaxe. Nese senso, promoverase a aposta polo *fermosismo*, tanto a nivel individual –renovación de fachadas e cubertas– como colectivo –elaboración de plans de acción da paisaxe en núcleos existentes–. A maiores, tamén se incluírá a perspectiva paisaxística no deseño e na mellora de espazos públicos a través de iniciativas como o plan Hurbe. Este eixe conta cun financiamento de 49,8 millóns de euros.

Esta nova estratexia tamén busca a implicación e concienciación da cidadanía sobre a importancia da paisaxe. Nese senso, destinaranse 9,7 millóns de euros a accións de formación e sensibilización tanto para persoal técnico das administracións como para a poboación en xeral. En concreto, prestarase especial atención á divulgación dos valores da paisaxe entre as persoas máis novas, con accións formativas en centros educativos e co deseño de materiais didácticos.

Con respecto á planificación territorial paisaxística, o Goberno galego destinará 9,4 millóns de euros a elaborar pautas e recomendacións técnicas que permitan a correcta integración na paisaxe dos diferentes proxectos e iniciativas que teñan repercusión na ordenación do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A MÁIS DE 13,5 M€ O INVESTIMENTO NA ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS TERRA DE LUGO

- O Consello dá luz verde ao novo convenio de acreditación, por máis de 4,7 M€, para o período 2026-2029
- As actuacións van orientadas a avanzar sobre as propostas do Comité Avaliador, que xulgou a renovación da acreditación, co fin de acadar os obxectivos estratéxicos
- O Goberno galego inviste case 40 M€ na estratexia de especialización dos campus non centrais, co fin de potenciar as súas singularidades en estreita relación coa contorna

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para continuar o desenvolvemento da estratexia de especialización do Campus Terra de Lugo, centrado no ámbito da agricultura, a gandaría, o ambiente, a veterinaria e a saúde global. A acreditación renovouse o ano pasado, tras unha exhaustiva avaliación dun comité externo, e agora tradúcese nun forte investimento por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

O convenio suporá unha nova inxección económica ao campus por parte da Xunta a través dun novo convenio por máis de 4,7 M€. Sumarase ao investimento de máis de 8,8 M€ desde a súa posta en marcha en 2013, o que suma un total de máis de 13,5 M€.

As actuacións incluídas no convenio para o desenvolvemento da especialización do Campus Terra no período 2026-2029 van orientadas a avanzar sobre as recomendacións do Comité Avaliador que xulgou a renovación da acreditación, co fin de facilitar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos previstos.

Estratexia de especialización

A Xunta de Galicia impulsa desde 2013 o programa Campus de especialización, unha iniciativa pioneira en todo o Estado que ten o obxectivo de impulsar unhas universidades estreitamente ligadas ao territorio, subliando as fortalezas e potenciando as oportunidades de cada campus en estreita relación coa súa contorna.

Co obxectivo último de contribuír á mellora continua da dinámica de funcionamento dos campus de especialización, no ano 2019 púxose en marcha un proceso de acreditación dos campus de especialización. O Campus Industrial de Ferrol (Universidade da Coruña) foi o primeiro de España e de Galicia en obter este selo, seguido polo Campus Terra de Lugo (2021) e polo Campus Auga de Ourense (Universidade de Vigo, 2024).

A acreditación de especialización supón contar cun financiamento específico por parte do Goberno galego a través do correspondente convenio coa universidade. Con este novo convenio para o Campus Terra o investimento do Goberno galego neste programa elévase a case 40 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 3 M€ NO PROGRAMA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR ESPECIALIZADO

- Aprobada a convocatoria do concerto social para dar continuidade a este programa ata mediados do ano 2029
- Nesta modalidade de acollemento participan fogares en que, polo menos, un dos membros dispón de cualificación, experiencia profesional ou formación específica neste ámbito

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria, mediante o procedemento de asignación de concerto social, da execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección. O Goberno galego investirá máis de tres millóns de euros desde este ano ata mediados de 2029 en dar continuidade a esta iniciativa que a Xunta puxo en marcha por primeira vez hai tres anos en colaboración con Aldeas Infantís.

Esta modalidade de acollemento está pensada para menores do sistema de protección autonómico que, polas súas circunstancias e necesidades, non poden permanecer nos seus fogares cos seus proxenitores. Son nenas, nenos e adolescentes que precisan dunha atención especial, de plena dispoñibilidade e estar integrados nun fogar para garantir un contorno afectivo e social que posibilite en maior medida o seu axeitado desenvolvemento tanto físico como emocional.

Neste tipo de acollemento, a garda exércese na vivenda dunha familia e ten o matiz de especializado porque algún dos membros debe dispor da cualificación, da experiencia profesional ou da formación específica para desenvolver este labor. Ademais, o desempeño desta función realízase con dedicación exclusiva por parte da persoa acolledora, polo que resulta incompatible con outra actividade laboral.

Así mesmo, pola dedicación exclusiva que implica este programa, a familia recibirá unha compensación económica de 1.500 euros ao mes. Tamén se cubrirán os gastos básicos e de manutención do menor, ao igual que sucede co resto de familias acolledoras.

A previsión é que unha trintena de nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo sexan acollidos en fogares a través desta iniciativa, que está cofinanciada pola Unión Europea (UE) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. A entidade á cal se lle asigne este concerto social será a encargada de seleccionar as familias acolledoras, de formalas e de apoialas en todo o que necesiten, así como de facer un seguimento do acollemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ PARA O FINANCIAMENTO DAS UNIDADES DO SALNÉS, DEZA E BERGANTIÑOS

Destínanse 736.000 euros a dar continuidade a catro unidades de apoio a nenos con problemas de desenvolvemento

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT).

Este acordo ten un importe de 735.926 euros. A través del fináncianse catro unidades de apoio a nenos de 0 a 6 anos con trastornos de desenvolvemento ou en risco de padecerlos: unha na comarca do Deza, outra na de Bergantiños e dúas na do Salnés. Estes servizos atenderon o ano pasado un total de 965 familias.

A atención temperá é fundamental para previr, detectar e actuar ante problemas de desenvolvemento na infancia. Trátase dun servizo esencial para diminuír futuras situacións de dependencia e para que os nenos e nenas acaden unha vida normalizada e coas mellores cotas de autonomía persoal.

Galicia conta na actualidade cunha ampla rede de atención temperá, que pasou de dúas unidades en funcionamento en 2009 ás máis de 50 de hoxe, que dan servizo a uns 200 concellos e a máis de 6.000 familias.

Este acordo coa AGAT forma parte dos 12 convenios nominativos que a Consellería de Política Social e Igualdade asinará ao longo do ano coas grandes federacións da discapacidade por un valor de case 6 millóns de euros en total. O obxectivo destes convenios é garantir o labor e os servizos que presta o movemento asociativo en favor das persoas con discapacidade e das súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O SEU APOIO AOS PROGRAMAS E SERVIZOS DA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON LESIÓN MEDULAR E GRANDES DISCAPACIDADES FÍSICAS

Destínanse 55.000 euros a financiar servizos de información, de apoio psicosocial, de rehabilitación e de transporte adaptado

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Persoas con Lesión Medular e Grandes Discapacidades Físicas de Galicia (Aspaym). O obxectivo deste acordo é continuar apoiando os servizos e programas que desenvolve esta entidade, con máis de tres décadas de traxectoria en favor da plena integración deste colectivo.

A achega da Xunta de Galicia a este convenio é de 55.142 euros para este ano 2026. Estes fondos destinaranse a financiar os distintos servizos que presta Aspaym: información, asesoramento e orientación, apoio psicosocial, rehabilitación integral e transporte adaptado. A previsión é beneficiar con este acordo arredor de 250 usuarios da entidade.

Esta colaboración con Aspaym forma parte dos 12 convenios nominativos que a Consellería de Política Social e Igualdade asinará ao longo deste exercicio coas grandes federacións do ámbito da discapacidade e que suman un valor total de preto de 6 millóns de euros. O obxectivo destes convenios é garantir o labor e os servizos que presta o tecido asociativo en favor das persoas con discapacidade e das súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA EMPRESA CORUÑESA PREFABRICADOS SANTA COMBA

- A iniciativa conta cun orzamento de preto de 6 millóns de euros, que permitirá incrementar a capacidade produtiva da firma e a creación de máis de 20 empregos
- O proxecto verá reducidos á metade os prazos de tramitación grazas á súa inclusión no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá a declaración como proxecto de interese autonómico (PIA) da ampliación das instalacións da firma Prefabricados Santa Comba, o que permitirá ordenar e planificar desde o punto de vista urbanístico e territorial o crecemento desta empresa. Con esta declaración, continúa a tramitación para mudar a clasificación de solo rústico a solo urbano non consolidado de uso industrial e estableceranse as condicións urbanísticas apropiadas para a execución da edificación necesaria para os novos usos.

O proxecto permitirá incrementar nun 70 % o espazo desta firma asentada no municipio coruñés de Santa Comba dedicada á elaboración de produtos prefabricados de formigón e aumentar a produción nas liñas de elementos pesados de maneira que o ámbito de actuación total -instalacións actuais e ampliación- contará cunha superficie de 155.128,22 metros cadrados. En total, a empresa prevé investir 5,89 millóns de euros e crear máis de 20 postos de traballo directos, que se sumarán aos 80 cos que a empresa conta na actualidade.

Con esta declaración e no marco da Lei 5/2025, de medidas fiscais e administrativas, o proxecto de ampliación de Prefabricados Santa Comba incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, de maneira que verá impulsada a súa tramitación de oficio, ao tempo que se reducirán os prazos establecidos na tramitación ordinaria.

Desde a aprobación da norma que regula os proxectos de interese autonómico (PIA) no ano 2021, foron declarados polo Consello da Xunta de Galicia catro PIA, cuxo obxecto eran actuacións de carácter industrial: a ampliación das instalacións de Aguas do Paraño, en Boborás (Ourense); o campus de I+D do Grupo Santos, en Boqueixón (A Coruña); a ampliación das instalacións de Montajes Fivi, en Teo (A Coruña); e a mellora e ampliación do proceso produtivo e loxístico do centro de procesamento avícola de Coren, en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A CONSTRUCCIÓN DA GLORIETA NA AC-418, NO CONCELLO DE MALPICA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 330.000 EUROS

- Trátase de executar unha glorieta que reduza a velocidade dos vehículos nunha zona sensible pola intersección de acceso ao colexio público Milladoiro e ao centro cívico
- A glorieta disporá dunha circunferencia de raio de 14 metros no anel exterior e 8 metros de diámetro no anel interior, con zona verde interior
- Adaptaranse os treitos de acceso e saída da glorieta, con actuacións na rúa Canido e no acceso ao colexio
- Incorpóranse ao proxecto a análise do cumprimento da accesibilidade, a reposición da paraxe de autobús existente, previa á entrada á glorieta, o pavimento podotáctil nos pasos de peóns e complementáase a iluminación na contorna

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado para a construción dunha glorieta na estrada autonómica AC-418, ao paso polo núcleo do concello de Malpica de Bergantiños.

Trátase de executar unha actuación de mellora da seguridade viaria e a funcionalidade desta vía de titularidade da Xunta, cun orzamento de licitación da obra por un importe de máis de 275.000 euros, e suporá un investimento autonómico total de máis de 330.000 euros.

Coa intervención aprobada hoxe, a Xunta propónse intervir na AC-418, concretamente na contorna dos puntos quilométricos 15+390-15+530, zona especialmente sensible ao ser unha intersección que dá acceso ao colexio público Milladoiro e ao centro cívico da localidade.

A actuación

Na entrada ao núcleo urbano de Malpica, a urbanización das marxes da AC-418 vaise densificando progresivamente, converxendo edificios de vivendas e equipamentos nunha recta de 200 metros de lonxitude, que ten unha forte pendente lonxitudinal descendente.

Os vehículos proceden dunha estrada con características interurbanas e existe un trazado recto nese treito, polo que se poden producir excesos de velocidade, a pesar de ser unha vía limitada a 50 km/h.

Para resolver esta situación, o proxecto que se aprobou hoxe consiste na reforma da intersección da rúa Ventorrillo coa rúa Canido e o acceso ao CEIP Milladoiro. Propónse executar a citada glorieta arredor do punto quilométrico 15+470 da estrada AC-418. A glorieta disporá dunha circunferencia de raio de 14 metros no anel exterior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da calzada e 8 metros de diámetro no anel interior, que será de formigón cunha pequena zona verde interior.

Nos treitos de acceso e saída da glorieta da AC-418, entre os puntos quilométricos 15+430 e 15+490, prevese a realización de adaptacións pola súa implantación. En concreto, actuarase na rúa Canido, afectada nunha lonxitude de 10 metros, e no acceso ao colexio público, nunha lonxitude de 20 metros.

Na intervención tamén se reporán as beirarrúas cun ancho próximo aos 3 metros e pavimento de louseta, o que dará continuidade aos itinerarios peonís existentes.

Tamén, froito das achegas presentadas ao proxecto inicial, engádese unha análise do cumprimento da normativa de accesibilidade, a reposición da paraxe de autobús existente, previa á entrada á glorieta, a inclusión do pavimento podotáctil nos pasos de peóns dimensionados no proxecto e complementase a iluminación na contorna.

Con respecto á pavimentación da calzada, esta será en aglomerado en quente naquelas superficies que antes da obra non contaban con pavimento.

Ademais, acondicionarase a drenaxe á nova configuración da glorieta e rematarase a obra con sinalización horizontal e vertical.

A aprobación definitiva deste proxecto por parto do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos dous predios necesarios para executar esta intervención.

Plano de planta da glorieta na AC-418:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 8,7 M€ AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN INMOBLE DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE TEO

- O inmoble construíranse nunha parcela cedida polo concello na Ramallosa e o número de vivendas será determinado no propio proxecto, cunha estimación inicial que podería ser arredor das 33
- A licitación realizarase polo procedemento de proxecto e obra, e establecerase no prego de bases a obrigatoriedade do emprego de técnicas industrializadas
- O obxectivo da Xunta é rematar as obras para o ano 2028
- O Goberno galego avanza no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública, para o que neste ano se licitarán as obras de preto de 2.700, por case 500 M€, que se unirán ás que xa se encontran en construción, o que permitirá xa entregar este ano as primeiras

A Xunta de Galicia construírá unha segunda promoción de vivendas de promoción pública no concello de Teo, nunha parcela de 3.526 metros cadrados de superficie cedida para tal fin polo concello, situada na Ramallosa. O número de vivendas que se vai construír determinarase no proxecto, pero estímase que poderían ser arredor de 33. O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe autorizou a licitación do contrato.

As vivendas incluírán o emprego de técnicas industrializadas, e o prego de bases establece que non se terán en conta as propostas que non acaden unha puntuación mínima nesta materia.

Con tal fin, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará o contrato unha vez autorizado hoxe polo Consello da Xunta de hoxe. A licitación realizarase polo procedemento de proxecto e obra, polo que o contrato incluírá a redacción do proxecto, a execución da obra de construción e a dirección desta. O importe de licitación será de 8.778.075,93 euros.

A empresa adxudicataria disporá dun prazo de tres meses para a redacción do proxecto básico e dous máis para o de execución, e preverase o remate das obras para o ano 2028.

A Xunta tamén traballa na construción doutras 26 vivendas de promoción pública no municipio de Teo, en concreto na rúa Cernadelas, da urbanización As Galanas, cedida polo concello. Neste caso o proxecto básico para a construción das vivendas xa se lle remitiu ao Concello para conformidade e o de execución está na fase final de redacción.

Esta iniciativa está incluída no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, e acadaranse as 8.000 unidades nese prazo. Para iso, en 2026 licitaranse as obras de preto de 2.700 vivendas, por case 500 millóns

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de euros, que se unirán ás que xa se encontran en construción, e están previstas as primeiras entregadas ás persoas adxudicatarias este mesmo ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 172 VIVENDAS PÚBLICAS EN NAVIA, VIGO, POR UN INVESTIMENTO QUE SERÁ ARREDOR DOS 37,2 M€

- A nova edificación estará localizada nunha parcela de 3.000 m², na rúa de Lamela
- A Xunta está a construír en Navia 309 vivendas e ten licitadas as obras doutras 43, ás que en breve se unirán as 172 autorizadas hoxe
- O Goberno galego avanza nos traballos para licitar as obras doutras 400 vivendas no primeiro semestre do presente ano, e o obxectivo é ter en execución 924 vivendas de promoción pública en San Paio de Navia a finais de 2026

A Xunta de Galicia construírá un inmovible de 172 vivendas de promoción pública na rúa de Lamela (parcela M-V-7) de San Paio de Navia, en Vigo. O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe autorizou a licitación do contrato desta nova actuación por un importe que será arredor dos 37.2 M€. A obra está cofinanciada con 22.874.799,50 euros de fondos europeos Feder.

O novo edificio proxectado localízase nunha parcela de 3.000 m² con orientación norte-sur e divídese en dous bloques con diferente número de plantas. No bloque 1: 2 sotos, planta baixa, 6 plantas altas e ático; e bloque 2: 2 sotos, planta baixa, 7 plantas altas e ático.

O edificio destínase na planta baixa a 8 portais, rochos, local comunitario e locais de instalacións e as plantas altas e ático destínanse a vivendas. As dúas plantas de soto a garaxes e rochos.

Cada un dos portais do bloque 1 dá servizo a 20 vivendas (3 por cada unha das plantas altas e 2 vivendas no ático) e cada un dos portais do bloque 2 dá servizo a 23 vivendas (3 por cada unha das plantas altas e 2 vivendas no ático).

O proxecto para a construción destas novas vivendas foi redactado polos arquitectos Elizabeth Abalo Díaz e Gonzalo Alonso Núñez. O contrato foi adxudicado por un importe de 886.006,77 euros, incluíndo a dirección da obra.

Con relación ao programa das vivendas proxectadas, é o que se reflicte no seguinte cadro:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	Nº de vivendas	Nº de vivendas adaptadas	Total de vivendas	Superficie útil media de vivenda (m ²)
2 dormitorios	52		52	65,33
3 dormitorios	94	7	101	80,91
4 dormitorios	19		19	90,96
Total	165	7	172	

Actualmente, a Xunta de Galicia ten xa iniciadas as obras de dez inmobles de vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, cun total de 309 vivendas. Ademais, están licitadas as obras doutras 43, ás cales, en breve, se unirán as 172 autorizadas hoxe polo Consello da Xunta.

Finalmente, o Goberno galego avanza nos traballos para licitar as obras doutras 400 vivendas no primeiro semestre do presente ano. O obxectivo é ter a finais de 2026 en execución as obras 924 vivendas de promoción pública en San Paio de Navia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DE ARTEIXO, ONDE SE PROPÓN DESENVOLVER SOLO PARA 160 VIVENDAS NO MUNICIPIO

- Trátase de impulsar no concello coruñés novos fogares no ámbito da Baiuca-A Penouqueira
- É o terceiro dos 12 proxectos PIA que tramita a Xunta e que acada a aprobación inicial
- Tras a súa aprobación, publicarase no Diario Oficial de Galicia e iniciárase un período de información pública para a presentación de alegacións por un prazo de 15 días naturais
- O obxectivo da Xunta é dispor da aprobación definitiva do PIA este mesmo ano, para poder licitar as obras de urbanización ao longo do 2027
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta segue avanzando no obxectivo de desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) de Arteixo para desenvolver solo na Baiuca-A Penouqueira (no ámbito do UA 44), onde se prevén arredor de 160 vivendas, maioritariamente protexidas. Trátase do terceiro PIA que tramita o Goberno galego que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial, que está a levar a cabo a Xunta. O primeiro en acadar a aprobación inicial foi o PIA do Sagrado Corazón, en Lugo, e o segundo o do Ofimático, en Vigo.

A proposta de ordenación prevé unha única zona de uso residencial a carón da travesía da Coruña, que ocupará unha superficie de 12.930 m², cun número estimado de 160 vivendas, integradas en bloques illados, rodeado de espazos libres privativos, cunha altura máxima de baixo máis 3 plantas e cuberta plana, para minimizar a exposición visual. O uso residencial abranguerá a totalidade das alturas.

Tamén inclúe unha única zona de uso comercial a carón da travesía da Coruña, cunha superficie de 448 m² e unha parcela para equipamento de superficie 2.050 m², situada na parte oeste do ámbito, na procura da súa proximidade e integración coa malla urbana existente.

Para dotar de accesibilidade universal e salvar o desnivel existente para acceder ás vivendas e ás dotacións, propónse a instalación dun ascensor e pasarela na avenida Galicia.

As reservas de prazas de aparcamento (54 prazas públicas e 146 prazas privadas), de arboredo (200 unidades), espazos libres públicos (13.234 m²) e equipamento compren os estándares establecidos na normativa urbanística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez aprobado, o proxecto de interese autonómico publicarase nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e iniciárase un período de información pública de 15 días naturais para presentar alegacións. O seguinte paso será o seu estudo e a súa resolución e a análise dos distintos informes sectoriais para a posterior aprobación definitiva do PIA, estimada no último trimestre deste 2026.

Paralelamente, traballarase no proxecto de expropiación e no de urbanización. A expropiación afectará moi poucos bens, xa que a propiedade da meirande parte dos terreos correspóndelle xa ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). A previsión é licitar a obra de urbanización no segundo semestre do 2027, co fin de iniciala no 2028. Simultaneárase a urbanización coa edificación para poder dispor desta bolsa de vivenda o antes posible.

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos.

Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e está licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais, no Consello da Xunta do 2 de febreiro de 2026 deuse conta do inicio da tramitación para abordar outro novo PIA, o décimo segundo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático), Arteixo (A Baiuca-Penouqueira) e Pontevedra (San Mauro).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 12,5 M€ NA COMPRA DE PRODUTOS HEMOSTÁTICOS, ADHESIVOS, SELADORES E ANTIADHERENTES CIRÚRXCOS PARA AS SETE ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Estes produtos son especialmente útiles en sangrados difusos que non son facilmente abordables coas técnicas cirúrxicas tradicionais
- Trátase da primeira compra centralizada deste material, coa cal se estima un aforro de máis de 723.000 euros por ano, un total de 3,6 millóns de euros no período de vixencia do contrato coas posibles prórrogas
- Para o desenvolvemento do contrato constituíuse un grupo técnico formado por médicos especialistas de cirurxía torácica, xeral, cardíaca, vascular e neurocirurxía
- O número de unidades que se van adquirir no marco deste contrato supera as 103.000, tendo en conta o histórico de consumos do Servizo Galego de Saúde dos últimos anos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de produtos hemostáticos, adhesivos, seladores e antiadherentes cirúrxicos para os servizos cirúrxicos e intervencionistas dos hospitais das sete áreas sanitarias por un importe de licitación de 12.540.209 euros e un período inicial de tres anos.

O valor estimado do contrato, atendendo ás posibles prórrogas por outros dous anos máis, ascende a 21.075.329 euros.

Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material sanitario, coa cal se estima acadar un aforro de máis de 723.000 euros por ano, o que supón un total de 3,6 millóns de euros nos cinco anos de vixencia do contrato, coas posibles prórrogas.

Complemento alternativo

O control do sangrado intra e postoperatorio ou intervencionista contrólase con técnicas cirúrxicas estándares (electrocauterización, ligadura de vasos ou suturas). Con todo, en moitas ocasións é necesario aplicar outros produtos tópicos (como axentes físicos, axentes bioloxicamente activos) e adhesivos, como complemento alternativo ás técnicas cirúrxicas convencionais. Este tipo de materiais son especialmente útiles en sangrados difusos que non son facilmente abordables coas técnicas cirúrxicas tradicionais.

Os produtos obxecto da compra autorizada hoxe é un grupo heteroxéneo en canto a formas de presentación, materiais de composición, tamaños e indicacións que pretende abarcar a maioría das necesidades que presentan os e as pacientes atendidos no Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, para desenvolver o contrato constituíuse un grupo técnico formado por facultativos especialistas de cirurxía torácica, cirurxía xeral, cirurxía cardíaca, cirurxía vascular e neurocirurxía.

O número de unidades de produtos hemostáticos, adhesivos, seladores e antiadherentes cirúrxicos que se adquiriran no marco deste contrato supera as 103.000 unidades, tendo en conta o histórico de consumos do Servizo Galego de Saúde nos últimos anos.

Material que se subministrará

Entre o material que se subministrará a través deste contrato están os parches hemostáticos e selantes, que prevén fugas de fluídos corporais como pancreáticas e de líquido cefalorraquídeo; parches de coláxeno con indicacións en procedementos de cirurxía cardiovascular e torácica; e tamén en implantes de marcapasos e desfibriladores, así como outras especialidades.

Os apósitos de xelatina con coláxeno, para a xestión do sangrado intra e poscirúrxico, así como feridas traumáticas sangrantes; os apósitos de quitosano, que se utilizan nalgúns ocasións tras procedementos intervencionistas (hemodinámica, electrofisioloxía, neurorradioloxía ou radioloxía vascular), así como os xeles hemostáticos de coláxeno, que teñen aplicación tanto en cirurxía aberta como laparoscópica e actúan independentemente da situación de coagulación do paciente, son outros dos materiais que se subministrarán a través deste contrato.

Xunto con isto, tamén se mercarán poshemostáticos, que teñen indicación tanto en cirurxía aberta, laparoscópica e endoscopia dixestiva, con capacidade a través da pulverización de abarcar amplas superficies sangrantes; adhesivos selantes de orixe sintética e biolóxica, con utilidade en distintas especialidades cirúrxicas; seladores de duramáter, produtos sintéticos absorbibles que producen unha selaxe logo da súa aplicación, o que impide a fuga de líquido cefalorraquídeo tras procedementos neurocirúrxicos; ou membranas sintéticas antiadherencias, que resultan de utilidade para a prevención de adherencias en pacientes que potencialmente poden ser reintervidos ou en aquelas situacións en que una adherencia poscirúrxica pode comprometer a fertilidade da muller en cirurxías pélvicas.

Por último, as pulseiras de compresión radial, accesorios que se usan para aplicar e manter presión logo dun procedemento intervencionista sobre a arteria radial, tamén se subministrarán a través desta licitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 15 M€ PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE HEMODIÁLISE EXTRAHOSPITALARIA E EN DOMICILIOS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- O Consello da Xunta autorizou a contratación destes servizos por un período de tres anos, prorrogable por dous máis
- Estímase que se poderán beneficiar desta iniciativa 220 pacientes ao ano
- Prevense 156 sesións anuais por paciente, para o caso dos servizos de diálise extrahospitalaria, e a atención inicial de 5 pacientes anuais, cunha media de 286 sesións ao ano, para a hemodiálise domiciliaria
- Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía da Área Sanitaria de Vigo
- Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea

A Xunta autorizou a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da prestación de servizos de hemodiálise extrahospitalaria e hemodiálise domiciliaria na Área Sanitaria de Vigo, cun orzamento base de licitación de 15.280.014 euros e cun período de vixencia inicial de tres anos.

A contratación, dividida en dous lotes, a correspondente á hemodiálise en centro extrahospitalario e a correspondente á hemodiálise domiciliaria, ten un valor estimado de 29,6 millóns de euros, atendendo ás súas posibles modificacións e prórrogas por outros dous anos máis.

O departamento sanitario galego calcula que se poderán beneficiar desta contratación, con base na asistencia prestada no pasado ano, 220 pacientes anuais, cun número de 156 sesións anuais por pacientes (tres á semana) para o caso dos servizos de diálise extrahospitalaria, cun incremento anual do 3 % no número de pacientes.

Un 4 % dos pacientes necesita realizar catro sesións semanais, co que as sesións anuais para o presente ano estímense en total en máis de 34.000.

No que atinxe á hemodiálise domiciliaria, poderanse beneficiar 5 pacientes no presente ano, cun incremento anual de dous pacientes por ano. Tendo en conta que estes pacientes fan entre cinco e seis sesións semanais, o que supón unha media de 286 sesións por paciente e ano, o total de sesións para este ano superaría as 1.400.

Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía da Área Sanitaria de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea, destinada ao seguimento de doentes crónicos.

Mellora da calidade de vida

A hemodiálise ten un importante impacto na vida persoal dos e da pacientes e na súa capacidade de desenvolver unha actividade laboral. É por iso que, co fin de fomentar unha mellor calidade de vida, reforzar a súa autoestima e promover un modelo de asistencia personalizada, o Servizo Galego de Saúde está a introducir a diálise domiciliaria co obxectivo de mellorar a vida dos e das pacientes que desexen ter unha vida social e laboral activa, polo que se cumpre, deste xeito, cunha das súas liñas estratéxicas de humanización.

A diálise é unha terapia de substitución renal que ten como finalidade suplir parcialmente a función dos riles. A partir dunha perda significativa da función renal que aboca a unha insuficiencia renal crónica, os e as pacientes deben someterse ao tratamento que lles permita extraer as toxinas e o exceso de auga do sangue, como norma xeral, tres veces por semana.

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto a hemodiálise, método de diálise en que se extrae o sangue do organismo e se bombea cunha máquina ata un dializador (ril artificial), que filtra os residuos metabólicos e devolve o sangue purificado ao organismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 150.000 € A IMPULSAR AS TRAXECTORIAS MUSICAIS DE 10 ARTISTAS OU GRUPOS NO EIDO PROFESIONAL

- O Consello autoriza a nova convocatoria que lle dá continuidade á liña que naceu en 2025 para o fomento da creación, produción, promoción e difusión musical, presentadas por empresas de *management* ou edición fonográfica
- Cada proposta poderá recibir ata 15.000 euros para gastos de imaxe de marca, estudos de mercado e estratexia ou gravación e distribución fonográfica

O Consello da Xunta aprobou hoxe as novas bases da liña de subvencións para 2026 destinada a proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, a través da cal se investirán 150.000 euros para impulsar as traxectorias de 10 artistas e grupos que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia e dentro do eido profesional.

A convocatoria, coa cal se lle dá continuidade a esta vía de apoio nacida en 2025 inserida no programa de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten como obxectivo promover o talento musical galego, ao tempo que consolidar a cadea de valor desta industria cultural. Busca tamén favorecer a calidade dos proxectos, a profesionalización, a modernización e a internacionalización, co foco posto no uso das novas tecnoloxías e a dixitalización.

Valor socioeconómico e estratéxico

O Goberno galego recoñece así o gran valor socioeconómico e estratéxico da industria musical e a súa capacidade para xerar produtividade de xeito transversal a outras industrias vinculadas, xa que para a súa concesión, en réxime de concorrência competitiva, se valorarán as traxectorias da empresa e da formación musical para a cal se solicita a axuda, así como o uso do galego ou a presenza feminina en postos relevantes do proxecto, entre outros aspectos.

Poderán optar a estas axudas empresas galegas (pemes e persoas traballadoras autónomas) que se dediquen ao *management* artístico ou á edición fonográfica para impulsar ou a consolidación dos artistas e bandas que representan a través de calquera dos ámbitos do proceso musical.

O texto elevado ao Consello da Xunta mantén os termos esenciais da mesma convocatoria de 2025: establécese unha axuda máxima de 15.000 euros por proposta, cunha intensidade de ata o 75 % do orzamento subvencionable, de xeito que poidan cofinanciarse, cando menos, 10 proxectos.

Para proxectos ata maio de 2027

A través da convocatoria de 2026 subvencionaranse gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de maio de 2027 que teñan que ver coa creación, consolidación ou impulso da imaxe de marca do/da artista ou banda, os estudos de mercado e as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estratexias de posicionamento, a concepción, o lanzamento e a presentación dun novo produto musical, os labores de promoción ou a gravación e distribución de traballos discográficos. Tamén, os gastos de deseño de accións no marco da Axenda 2030 para a aplicación de obxectivos de desenvolvemento sostible en conexión cos valores de igualdade, paridade, diversidade e accesibilidade.

A Xunta asume estas novas axudas por segundo ano consecutivo con fondos propios, tras unha convocatoria anterior publicada en 2022 ao abeiro do Hub Audiovisual Industria Cultural Galega, con financiamento no programa Feder dentro do eixo React-UE.

A convocatoria de 2025 deu como resultado o impulso de 12 artistas e bandas galegas. Foron, en concreto, as propostas dos lanzamentos d'A Banda da Loba, Alana, Crúas, De Ninghures, Fillas de Cassandra, Filloas, Grande Amore, Leticia Rey, Marcos Coll, Mondra, Pablo Sanmamed e Sabela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN ESTUDO EN QUE PARTICIPA O IEO-CSIC PARA COÑECER O IMPACTO DAS OUXAS NAS RÍAS BAIXAS E A SÚA INCIDENCIA NO MARISQUEO

- Analizarase o comportamento desta especie para propor medidas que axuden a coñecer as interaccións cos moluscos bivalvos
- A acción Sol-Ouxa II reforza o compromiso de Mar coa investigación e a conservación dos recursos, apostando pola sustentabilidade e a ciencia para a toma de decisións que axuden a manter a actividade pesqueira

A Consellería do Mar, dentro do proxecto Redemar, impulsa o estudo Sol-Ouxa II, no cal participará o Instituto Español de Oceanografía-Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Mariñas (IEO-CSIC), e no cal se estudará o comportamento das ouxas nas Rías Baixas, co fin de saber cal é a súa incidencia e garantir a actividade marisqueira da zona. Será a través do convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta para os anos 2026-2027, e para o cal o departamento autonómico destina 83.531 euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Esta acción, financiada pola Xunta de Galicia, permitirá analizar aspectos clave como a distribución xeográfica, os ciclos biolóxicos, o impacto ambiental e a evolución das poboacións desta especie. A investigación incluírá traballos de campo, mostraxes periódicas e análise de datos, así como a elaboración dun informe técnico con recomendacións para a Administración e o sector, que permita coñecer a incidencia desta especie nos bancos marisqueiros, pois ter datos sólidos sobre o coñecemento destes permitiralles á Xunta e ás confrarías tomar decisións de xestión baseadas en evidencias, o que mellorará a gobernanza dos ecosistemas costeiros.

Coñecer o comportamento da ouxa é de especial interese para o sector marisqueiro, pois aliméntanse dunha ampla gama de organismos bentónicos, que viven no solo, principalmente moluscos (escafópodos, gasterópodos, bivalvos e, en menor medida, de crustáceos decápodos, poliquetos e peixes). Por tanto, esta alianza reforza o compromiso da Xunta coa investigación mariña e coa conservación dos recursos pesqueiros, apostando pola sustentabilidade e pola base científica na toma de decisións. O estudo prolongarase ata o 2027 e contará cun orzamento específico destinado a persoal investigador, equipamento técnico e actividades de divulgación.

Con esta iniciativa, a Consellería do Mar continúa impulsando accións encamiñadas a coñecer en profundidade a biodiversidade mariña e a fortalecer o sector pesqueiro galego, garantindo a viabilidade económica e ambiental das actividades vinculadas ao mar. Os seus resultados beneficiarán directamente as familias que dependen deste medio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA COMEZA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DA PRIMEIRA LEI GALEGA DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

- Salienta que o obxectivo é “reforzar a protección e atención dos menores” e “poñer a infancia no centro de todas as políticas” da Administración
- Unha das principais novidades é que será posible a permanencia do neno coa familia acolledora cando este neno saia en adopción, priorizando o benestar do menor
- Prevé tamén a creación dun rexistro autonómico de familias acolledoras e adoptivas
- Permitirá reforzar o traballo conxunto das administracións en materia de protección dos menores
- A conselleira de Política Social avanza que a previsión é ter aprobada a nova normativa “no segundo semestre do ano”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o inicio do proceso de tramitación do anteproxecto da “primeira Lei galega de infancia e adolescencia” que busca “reforzar a atención e protección dos menores e poñer a infancia no centro das políticas” do Goberno autonómico. O obxectivo, segundo indicou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, é que esta normativa estea aprobada “no segundo semestre do ano”.

Ata agora, todas as novidades e modificacións lexislativas no ámbito autonómico que afectan a infancia e a adolescencia foran incluídas noutras leis como, por exemplo, a Lei de apoio á familia de 2011 ou a Lei de impulso demográfico de Galicia de 2021. Nesta futura norma específica abordaranse a atención e a protección dun colectivo que é especialmente vulnerable, as distintas actuacións que se deben levar a cabo para garantir os seus dereitos e o réxime de infraccións e sancións en materia de infancia.

Os principais destinatarios do futuro texto lexislativo son os máis de 365.000 menores de idade que residen en Galicia, pero terá impacto en toda a sociedade galega, porque a protección e apoio ás persoas menores é unha responsabilidade da cal participan directamente as familias, os e as profesionais do ámbito da infancia e adolescencia e as distintas administracións. “Será unha lei moderna, adaptada ás novas realidade sociais e que poña o foco na infancia”, indicou a conselleira.

Participación e consenso

A intención da Xunta é que sexa un anteproxecto de lei aberto e participado, no cal se inclúan as achegas de toda a sociedade galega, en especial das entidades representativas do sector, e que acade o maior consenso posible. Con esta finalidade, nos vindeiros días abrírase unha consulta pública previa para que as persoas, asociacións, colexios profesionais e demais organizacións que o desexen acheguen as súas propostas.

Non obstante, a Xunta ten o propósito de incluír neste anteproxecto unha serie de novidades. A principal, segundo resaltou Rueda, “será potenciar o acollemento familiar”

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como fórmula prioritaria de protección dun neno ou adolescente cando non pode vivir coa súa familia. O obxectivo, tal e como indicou a conselleira, "é que todos os nenos e nenas de Galicia teñan a oportunidade de medrar nun fogar, en especial, aqueles que teñen menos de 6 anos".

Dobre valoración das familias para o acollemento e a adopción

Neste sentido, a lei regulará, por vez primeira, a dobre valoración das familias para o acollemento e a adopción, unha demanda histórica das familias acolledoras. Isto abre a posibilidade de que un neno ou unha nena que vive en acollemento familiar poida permanecer nesa mesma familia se o persoal técnico da Xunta decide que ese neno ou esa nena pase á adopción. "A familia de acollida terá preferencia á hora de adoptalo", explicou Rueda, favorecendo a súa continuidade na mesma contorna e evitando novas rupturas de vínculos. Ata o de agora isto non estaba permitido, xa que o acollemento e a adopción eran procedementos independentes e non se podía pasar dun a outro.

Así mesmo, a lei tamén recollerá a creación dun rexistro de familias acolledoras e adoptivas, para mellorar o control e o manexo dos datos destas familias.

Ademais, a futura norma regulará os tipos de medidas de protección á infancia e permitirá mellorar a coordinación das administracións que traballan nesta materia, porque a Xunta ten competencias nos casos de risco grave ou desamparo do/da menor e os concellos, a través dos servizos sociais de base, son os que traballan no ámbito do risco leve. Esta lei servirá, pois, para reforzar o traballo conxunto que realizan todas as administracións en defensa dos nenos e nenas e dos adolescentes.

Cambio de paradigma

E, por último, esta lei suporá un cambio de paradigma na defensa da infancia, pasando dun enfoque centrado na cobertura das necesidades dos e das menores a outro baseado en garantir os dereitos dos nenos, das nenas e dos adolescentes, tal e como establece a Convención dos dereitos do neno de 1989.

Tras pasar hoxe polo Consello da Xunta, o seguinte paso é abrir nos vindeiros días unha consulta pública previa para presentar achegas e, a continuación, a elaboración participada do anteproxecto de lei, escoitando as entidades representativas do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O EMPREGO INDUSTRIAL BATE RÉCORDS EN GALICIA CON 192.300 PERSOAS OCUPADAS E UN CRECEMENTO DO SECTOR QUE XA SUPERA EN CASE CATRO PUNTOS A MEDIA DE ESPAÑA

- Rueda salienta que os datos “avalan as políticas da Xunta” para atraer novos investimentos e facer medrar as empresas xa asentadas en Galicia
- Un informe sobre as políticas industriais de 2023-2025 revela que o sector representa o 16,4% do total de emprego e pechou 2025 co maior crecemento interanual do índice de produción industrial
- Tamén sinala que o Valor Engadido Bruto (VAB) industrial rexistrou un incremento do 5,2%, alcanzando cifras récord
- Os plans directores de nove sectores industriais, xunto co Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, e un amplo abano de axudas, favorecen a atracción de empresas e a mellora da competitividade do noso tecido empresarial
- O presidente destaca que Galicia conta con 4 Proxectos industriais estratéxicos (PIE) aprobados e outros 14 declarados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe os datos dun informe sobre as políticas industriais aplicadas polo Goberno galego no período 2023-2025 que revelan que “o emprego industrial bate récords en Galicia con 192.300 traballadores” e o sector “medra por riba da media española”. “Os datos avalan o éxito das políticas da Xunta”, asegurou, na aposta por atraer novos proxectos industriais estratéxicos á comunidade.

Con máis de 192.300 persoas ocupadas na industria e un crecemento do Índice de Produción Industrial (IPI) dun 6,5% interanual en decembro de 2025, fronte ao 2,8% do conxunto do Estado, Galicia estase a converter no principal polo de atracción industrial do norte peninsular. O documento pon de relevo a importante contribución da estrutura industrial galega ao PIB rexional e á creación de emprego grazas a sectores como a automoción, construción naval, o sector metalmecánico, a industria forestal, a alimentaria ou a das TIC, entre outros.

Segundo se desprende do informe, a Xunta está a levar a cabo importantes iniciativas co obxectivo de incrementar a actividade industrial na comunidade autónoma, como motor da súa economía. Esta planificación aséntase nunha estratexia que ten nos plans directores dos distintos sectores da Comunidade e no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais os seus piares fundamentais.

O resultado destas políticas, indicou Rueda, sitúan Galicia “como a terceira comunidade autónoma con maior crecemento interanual do Índice de produción industrial (IPI)” a decembro do 2025, cun incremento do 6,5 %, fronte a unha subida media estatal do 2,8%. Isto fai que a nosa comunidade peche o ano 2025 superando en case 4 puntos o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ritmo de crecemento da produción industrial de España, que se sitúa no 2,8 %. Deste xeito, Galicia acada un índice do 96,72, superando o índice estatal que acada un 95,377.

O informe tamén sinala que a industria galega xa representa o 16,4% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera en case tres puntos a media estatal, que acada un 13,5%. Así as cousas, a nosa comunidade pechou 2025 cunha media de 192.300 persoas ocupadas na industria e incrementando a cifra nun 4,9% con respecto ao dato de 2024 e volvendo marcar un récord histórico de ocupación. A estes datos cómpre sumar o Valor Engadido Bruto (VAB) industrial, que rexistrou un incremento do 5,2% e alcanza deste xeito cifras récord, ao tempo que se reforza o peso estrutural do sector na economía galega.

Os plans directores

Unha das bases da estratexia industrial da Xunta aséntase nos plans directores, follas de ruta dos distintos sectores clave da Comunidade galega que xorden da necesidade de analizar, detectar oportunidades e deseñar accións de apoio co fin de promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda. Na actualidade téñense declarado nove sectores estratéxicos polo Consello da Xunta: automoción, construción naval, loxística industrial, metalmecánico, TIC, industria forestal, industria alimentaria, téxtil e confección e industria da construción.

Tal e como explicou o presidente, “os dous primeiros sectores -automoción e naval- xa contan co plan aprobado”, mentres que os sete restantes están en diferentes graos de tramitación, prevéndose a aprobación dos plans directores dos sectores industriais forestal-madeira e industria das TIC no próximo trimestre.

O impulso a proxectos industriais

Outro instrumento da política industrial autonómica para que Galicia ocupe un lugar destacado na creación de riqueza e emprego é o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, que inclúe unha serie de medidas dirixidas a facilitar a implantación de novos proxectos industriais, así como a ampliación dos existentes.

Neste marco, Galicia conta con figuras de axilización administrativa que permiten reducir os prazos de tramitación dos proxectos industriais, ben sexan novos ou ampliacións. Entre estas, cómpre salientar a figura dos Proxectos industriais estratéxicos (PIE), instrumento fundamental para a axilización de iniciativas empresariais nas que se estime que teñen tal carácter estratéxico pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social.

Así, na actualidade, tal e como explicou Rueda, “hai 14 Proxectos industriais estratéxicos declarados” como a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde en Arteixo, promovida por AccionaPlug; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña) ou a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga, entre outros. Ademais, explicou que outros catro xa teñen o PIE aprobado definitivamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia: o centro de procesamento de datos impulsado pola empresa Galicia Green Data Center no concello coruñés de Curtis, a planta de produción de metanol verde de Triskelion en Mugardos, a de manipulado e envasado de peixe de Stolt Sea Farm en Rianxo e a de fabricación de carbón vexetal promovido por Xallas Electricidad y Aleaciones S.A.U. (Xeal) no municipio de Dumbría.

Apoios económicos ao investimento

De maneira paralela, o Goberno galego, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), desenvolve distintas liñas de axudas que permiten atraer empresas a Galicia e mellorar a competitividade das existentes. Entre o amplo abano de apoios, cómpre subliñar as axudas para atracción de empresas a Galicia, cuxo obxectivo é o de estimular a posta en marcha de grandes proxectos de investimento empresarial en Galicia, coa finalidade principal de potenciar a actividade económica e o mantemento e creación de emprego, así como atraer novas iniciativas empresariais a Galicia, sen renunciar ao crecemento e mellora das empresas existentes nin á creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Os apoios diríxense ás pequenas e medianas empresas dos sectores de actividade máis importantes para Galicia, pola súa función decisiva na creación de emprego e por constituír un factor de estabilidade social e de desenvolvemento económico, así como polas especiais dificultades para acceder ao capital e ao financiamento. O pasado 16 de xaneiro publicouse a terceira convocatoria destas axudas, que permanecerá aberta ata o 30 de setembro. Desde a súa posta en marcha no ano 2024, apoiáronse 50 proxectos por importe de máis de 40,1 millóns de euros que mobilizarán un investimento superior aos 135 millóns de euros.

A colaboración público-privada, a simplificación administrativa ou as políticas de solo industrial, coa creación de novas figuras para reducir trámites e abaratar prezos, tamén forman parte da política industrial da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TERÁ CONVOCADAS A FINAIS DESTE ANO MÁIS DO 80 % DAS 4.000 PRAZAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL COMPROMETIDAS NESTA LEXISLATURA

- A oferta de emprego público en Galicia cando remate o 2026 será de 3.296 prazas, coas cales se afronta o reto da renovación do persoal empregado público
- En xaneiro convocáronse xa cinco procesos selectivos para persoal do Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais
- Ao longo deste ano convocaranse 1.490 prazas en 35 procesos selectivos, dos cales 30 serán de acceso libre e 5 de promoción interna separada
- As novas convocatorias comezarán a publicar no mes de abril e o primeiro exercicio dos procesos empezará en outubro e estenderase ata setembro de 2027

A Xunta terá convocadas a finais deste ano máis do 80 % das prazas de Administración xeral comprometidas nesta lexislatura. A oferta de emprego público en Galicia será de 3.296 prazas a finais de 2026, o 82 % das 4.000 novas prazas que o Goberno galego se comprometeu a convocar para afrontar o reto de renovación de persoal empregado público da Administración autonómica.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre os procesos selectivos que se van convocar neste 2026, así como un balance das convocatorias en marcha desde o comezo de lexislatura.

A oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta para este ano 2026 ascenderá a 40 procesos selectivos, cun total de 2.029 prazas. Cinco procesos selectivos de persoal do Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais convocáronse xa en xaneiro de 2026, tres de persoal laboral polo sistema de concurso e dous de persoal funcionario polo sistema de concurso-oposición.

Ao longo deste ano convocaranse 1.490 prazas máis, a través de 35 procesos selectivos, dos cales 30 serán de acceso libre e 5 de promoción interna separada. Deses, 33 procesos correspóndense a corpos/escalas/especialidades de persoal funcionario, cun total de 1.477 prazas, e dous a categorías de persoal laboral, cun total de 13 prazas.

Esta oferta garante a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un emprego fixo, estable e de calidade na Administración autonómica, e tamén o dereito do persoal empregado público a unha promoción profesional.

Prazas de acceso libre

Do total das 877 prazas de acceso libre, preto de 530 serán para os principais corpos e escalas da Administración xeral, entre as cales destacan 305 prazas para persoal de limpeza e cociña, 46 para o corpo auxiliar administrativo ou 50 para a escala de persoal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

subalterno. Así mesmo, inclúense 16 postos da escala de sistemas e tecnoloxía da información, 10 para a escala superior de finanzas e 16 para a escala técnica de finanzas.

Preto de 350 prazas (349) son para escalas da Administración especial, entre as cales destacan 108 prazas para a escala auxiliar de coidadores, 65 para a escala de axentes técnicos de xestión ambiental e 30 para escala auxiliar de cociña.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias.

Promoción interna

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 600 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira, uns procesos reservados a empregados e empregadas públicas que xa son persoal funcionario e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

En concreto, convocaranse 38 prazas para o corpo superior (A1), 85 para o corpo de xestión (A2), 148 para o corpo administrativo (C1) ou 323 prazas para o corpo auxiliar (C2), así como 6 prazas para a escala de inspectores e inspectoras de consumo.

Calendario das convocatorias

As novas convocatorias comezarán a publicar no mes de abril e o primeiro exercicio destes procesos realizarase desde o mes de outubro e ata o mes de setembro de 2027.

O calendario completo, tanto das convocatorias como das datas dos primeiros exercicios dos procesos, pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_opo/opo_principal.jsp.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE GALICIA PECHA O 2025 SEN DÉFICIT E MANTENDO UN ALTO NIVEL DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA, O QUE PERMITE REFORZAR AS POLÍTICAS DE GASTO EN SERVIZOS PÚBLICOS

- Sinala a boa execución do orzamento, que se sitúa no 97,4%, e dos fondos propios, que chega ao 101 % dos créditos iniciais
- Resalta o esforzo investidor da Xunta, que acadou o ano pasado o 14,6%
- A solvencia financeira de Galicia fai posible reforzar “a prestación de servizos de carácter social”, isto é, o gasto en sanidade, en educación, en políticas sociais, en vivenda e en I+D+I
- En cinco anos reduciuse un 29% a ratio de débeda sobre o PIB na comunidade autónoma galega
- Galicia segue sendo un referente entre as comunidades que máis rápido pagan aos seus provedores, con “15,3 días, case 11 menos que o promedio estatal (26,1 días)”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que Galicia pechou o 2025 nunha situación de “equilibrio”, mantendo un “alto nivel de execución orzamentaria e sen déficit”, o que permitiu reforzar as políticas de gasto en servizos públicos. Así o reflicte o informe presentado ao Consello da Xunta pola Consellería de Facenda e Administración Pública relativo ao avance de peche do exercicio do pasado ano.

O documento destaca a execución dos gastos correntes, vinculados principalmente aos servizos públicos -sanidade, educación e servizos sociais-, que chegou ao 106% dos créditos iniciais, aumentando en 555 millóns de euros. Reflicte, tamén, a boa execución do orzamento, que se sitúa no 97,4% –o resto son fondos europeos que se executan en varias anualidades–, e dos fondos propios, que chega ao 101 % dos créditos iniciais.

O esforzo investidor da Xunta, tal e como detallou o presidente, acada o 14,6% e o aforro bruto os 1.359 millóns de euros, “o que permite financiar maiores investimentos sen necesidade de acudir ao endebedamento”. A solvencia financeira de Galicia fai posible reforzar “a prestación de servizos de carácter social”, apuntou; isto é, o gasto en sanidade, en educación, en políticas sociais, en vivenda e en I+D+I, ademais de seguir entre as comunidades autónomas máis investidoras.

Polo que se refire aos ingresos, acadan unha execución do 98,8%, destacando os tributarios, que medran un 6%, cunha recadación de 8.371 millóns de euros. Ingresáronse 348,5 millóns máis que no ano 2024, un 2,6% a maiores. No caso dos ingresos correntes, a súa execución elevouse ata o 101,7%, cun bo comportamento en todos os capítulos. Os datos confirman a prudencia coa que se elaboran as contas autonómicas e a solvencia dos seus resultados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Redución da ratio de débeda sobre o PIB

O documento destaca tamén que o sólido e continuado crecemento económico de Galicia, xunto ao bo desempeño orzamentario e o moderado nivel de débeda, levou ás axencias de cualificación S&P e Moody's a mellorar en 2025 as súas avaliacións da calidade crediticia da Comunidade (A+ e A3), o que se traduce nunha baixada do índice de débeda sobre o PIB de 0,7 puntos nun só ano, reducíndose ata o 13,9%. Galicia, polo tanto, non precisa unha condonación da débeda e "acada ese obxectivo fixado para 2029 de estar por debaixo do 14% catro anos antes", destacou Alfonso Rueda.

A redución acadada mellora a estimación prevista no Plan Estratéxico de Galicia 2030 para este exercicio, que era dun 16,0 %. En cinco anos, a Xunta reduciu un 29% a ratio de débeda sobre o PIB.

Por último, Galicia segue sendo, un ano máis, un referente entre as comunidades que máis rápido pagan aos seus provedores, situando a media anual ata novembro do 2025 (último mes con datos publicados) nos "15,3 días, case 11 menos que o promedio estatal (26,1 días)", indicou.

En definitiva, Rueda destacou que o Goberno galego pechou o ano 2025 cun "saldo fiscal positivo do 0,11 % do PIB, mellorando as previsións iniciais", nas que se contemplaba un obxectivo de déficit cero, obtendo unha capacidade de financiamento de 96 millóns de euros e executando o 97,4 % do presupostado.

Faino, ademais, cumprindo as regras fiscais tanto no obxectivo de estabilidade como no obxectivo de débeda, axustándose á regra de gasto europea e, por segundo ano consecutivo, sen recorrer ao déficit.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A INCIDENCIA DA TUBERCULOSE EN GALICIA BAIXOU CASE UN 47 % DESDE 2015 GRAZAS AO PROGRAMA AUTONÓMICO DE PREVENCIÓN E CONTROL DESTA ENFERMIDADE

- Entre os anos 1996 e 2024 a incidencia da tuberculose diminuíu na Comunidade de 71,8 a 11,5 casos por 100.000 habitantes
- En 2024 rexistráronse 310 casos novos de tuberculose, cunha maior porcentaxe nos homes, 64 %
- No que respecta aos grupos de idade, a maioría foron adultos, con 298 casos, o que supón o 96,1 % do total
- O 71,9 % dos casos presentaron algún factor de risco, e o principal foi o tabaquismo
- Desde 2020, Galicia ten implantado un novo réxime terapéutico, máis curto, co fin de mellorar a eficacia do tratamento das formas multirresistentes da enfermidade
- A Consellería de Sanidade traballa co obxectivo de acadar unha incidencia menor de 10 casos por 100.000 habitantes nos próximos anos

A incidencia dos casos de tuberculose en Galicia, tanto en idade pediátrica como en adultos, presenta unha tendencia descendente, o que reflicte o bo funcionamento do Programa galego de prevención e control da tuberculose, que coordina a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade. Con respecto ao 2015, ano a partir do cal a Organización Mundial da Saúde fixa o período temporal para conseguir o obxectivo de eliminar esta enfermidade, o número total de casos descendeu un 46,9 %.

O Executivo galego abordou hoxe un informe do departamento sanitario referido á incidencia desta enfermidade na Comunidade, así como as características dos casos no ano 2024 e a evolución do período 1996-2024.

No informe sinálase que, entre os anos 1996 e 2024, a incidencia da tuberculose diminuíu na Comunidade de 71,8 a 11,5 casos por 100.000 habitantes, cunha diminución por termo medio anual neste período de máis do 6 %.

No ano 2024 rexistráronse 310 novos casos de tuberculose. Destes casos, o 37,3 % detectáronse por busca activa. Destes 310 casos, 88 son da Área Sanitaria da Coruña e Cee; 13 da de Ferrol; 35 da de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 27 da de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 37 da de Pontevedra e O Salnés; 49 da de Santiago de Compostela e Barbanza; e 61 da de Vigo.

A localización máis frecuente foi a pulmonar, con 191 casos, o que representa o 61,6 % fronte ao 38,4 % da só extrapulmonar (119 casos).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Características dos casos

Por sexo, a maior porcentaxe detectouse nos homes, 201 casos (64 %), cunha incidencia de 15,4 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 109 casos, 7,8 por 100.000 habitantes, nas mulleres.

No que respecta aos grupos de idade, a maioría foron adultos, 298 casos, o que supón o 96,1% do total e unha incidencia de 12,4 casos por 100.000 habitantes. O número de casos na idade pediátrica foi de 12, o que supón o 3,9 % do total e unha incidencia de 4,1 por 100.000 habitantes. Deses 12 casos, catro foron en menores de cinco anos.

En conxunto, o 71,9 % dos casos presentaron algún factor de risco. O principal foi o tabaquismo (22,6 %).

En 2024 presentaron algunha resistencia aos principais fármacos antituberculosos o 10,7 % do total. Desde 2020, Galicia ten implantado un novo réxime terapéutico, máis curto, co fin de mellorar a eficacia do tratamento das formas multirresistentes da enfermidade.

Dos casos que iniciaron o tratamento no ano 2023, avaliouuse a adherencia no 97,7 % e foron supervisados o 77,3 % deles. Curaron o 94,6 %. Coñecer o grao de adherencia terapéutica é de grande importancia á hora de avaliar a efectividade e a seguridade dos tratamentos farmacolóxicos prescritos.

A incidencia da mortalidade por tuberculose en 2023 foi de 0,22 casos por cada 100.000 habitantes. En concreto, no ano 2023 seis pacientes morreron en Galicia por causa desta enfermidade, cun rango de idade de 60 a 92 anos. Ademais, tiñan outras enfermidades crónicas debilitantes.

En Galicia, no ano 2024 declaráronse 12 gromos de tuberculose, que agruparon un total de 31 casos. Deles, sete gromos foron microepidemias de dous casos; tres gromos de tres casos; e dous de catro. A maioría dos gromos ocorreron no ámbito dos conviventes.

Engadidos aos 310 casos, durante 2024 rexistráronse outros 14 máis importados. A porcentaxe de casos notificados como importados diminuíu con respecto ao ano previo (4,3 % fronte ao 5,9 % do ano 2023).

Obxectivos

Desde o ano 1996, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade elabora anualmente un informe epidemiolóxico sobre a tuberculose en Galicia, que ten como obxectivo cuantificar os casos e describir as características epidemiolóxicas e a súa evolución temporal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Sanidade ten como obxectivo acadar unha incidencia menor de 10 casos por 100.000 habitantes nos próximos anos, no marco do Plan nacional da tuberculose e da estratexia Fin da tuberculose da Organización Mundial da Saúde.

A Xunta seguirá apostando por manter a tuberculose como liña clave en materia de saúde pública e continuará a potenciar as sete unidades de tratamento existentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A CALIDADE E ATENCIÓN DA REDE DE ORIENTACIÓN LABORAL CON 8,5 M€ PARA CONTRATAR PROFESIONAIS EN ENTIDADES LOCAIS E SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da próxima convocatoria 2026 destas achegas, que permitirá atender máis de 118.000 persoas desempregadas mediante un acompañamento personalizado e adaptado ás necesidades do territorio
- A orde, que pode ser solicitada por concellos e entidades sen ánimo de lucro, reforza os criterios de calidade na prestación do servizo e volverá dar prioridade ás zonas territoriais con menor implantación de servizos de orientación laboral
- Con axudas de ata 33.000 € por profesional contratado, estes/as orientadores/as, xunto co persoal das oficinas de emprego, participan activamente no perfilado competencial con EMI, do cal xa se beneficiaron preto de 96.000 persoas desempregadas
- A medida enmárcase no proceso de potenciación do Servizo Público de Emprego, ao cal se consignan tamén 8 M€ en 2026 para avanzar na modernización da rede de oficinas e centros formativos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- O ano pasado esta convocatoria permitiu apoiar 262 orientadores/as en máis de 80 concellos e en máis de 40 entidades sen ánimo de lucro, o que contribuíu a mellorar a inserción laboral en todo o territorio

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe relativo á convocatoria de 2026 destinada a apoiar a contratación de orientadores e orientadoras laborais por parte dos concellos e das entidades sen ánimo de lucro. A iniciativa, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, contará cun orzamento de 8,5 M€ e permitirá ofrecer acompañamento personalizado a máis de 118.000 persoas desempregadas, adaptando a atención ás necesidades reais de cada territorio.

Co obxectivo de reforzar a eficacia do servizo, a orde reforzará os criterios específicos de calidade que garantan unha atención máis enfocada a resultados. Ademais, manterase a aposta por unha distribución territorial equilibrada dos novos postos financiados, e priorizaranse aquelas zonas con menor implantación destes recursos para avanzar nunha mellor cobertura de orientación laboral no conxunto do territorio. Os contratos subvencionados terán unha duración dun ano e a contía das axudas incrementase ata os 33.000 euros por cada profesional incorporado a tempo completo.

Esta medida —enmarcada no proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) impulsado pola Xunta— busca maximizar o impacto destes profesionais na mellora da empregabilidade, especialmente no rural e entre os colectivos con maiores dificultades de inserción. Na convocatoria do ano pasado, o Goberno galego apoiou a contratación de 262 orientadores e orientadoras en máis de 80 concellos das catro provincias e en máis de 40 entidades sociais. Cómpre salientar que estes profesionais, xunto cos arredor de 140 das 54 oficinas do SPEG, contribuíron a que máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 155.000 persoas atopasen emprego nos seis meses posteriores a recibir orientación laboral ou participar nalgún programa do Servizo Público de Emprego.

Papel clave no perfilado competencial

Os orientadores e as orientadoras elaboran diagnósticos individualizados das persoas demandantes, achegan información actualizada sobre o mercado laboral e os incentivos dispoñibles, deseñan itinerarios personalizados de inserción, asesoran sobre a oferta de formación profesional e acompañan no proceso de recoñecemento de competencias adquiridas pola experiencia. O seu labor tradúcese nun apoio continuo, especializado e adaptado á realidade de cada persoa.

Ademais, desempeñan un papel activo no perfilado competencial das persoas demandantes de emprego a través da ferramenta de intelixencia artificial EMI, destinada a axustar en tempo real as demandas de man de obra ás capacidades das persoas rexistradas, do cal xa se beneficiaron preto de 96.000 persoas en Galicia. Forman parte dos máis de 400 profesionais implicados nesta tarefa estratéxica para casar con maior precisión a oferta e a demanda laboral e responder ao reto da cobertura de vacantes do tecido produtivo galego.

Modernización do Servizo Público de Emprego (SPEG)

O reforzo da rede de orientación laboral intégrase na renovación profunda do SPEG que a Xunta está a desenvolver para facelo máis accesible, dinámico e eficaz, consolidándoo como un verdadeiro nodo público de empregabilidade. Este proceso inclúe a actualización das infraestruturas, cun investimento de 8 M€ este ano destinados ás oficinas de emprego e aos centros formativos dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Ademais, en 2026 destinarase 1 M€ a seguir desenvolvendo a ferramenta EMI, incluíndo o lanzamento dunha aplicación móbil que lle permitirá á cidadanía realizar o seu propio perfilado competencial.

A estas actuacións súmanse o Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego —que xa permitiu a inserción laboral de máis de 16.000 persoas—, a flexibilización da formación para o emprego e o pulo á coordinación entre os programas formativos autonómicos e os incentivos á contratación, concretamente a través do programa Galicia suma talento: emprégate, aberto ata o 30 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUOU XA TRALOS INCENDIOS EN MÁIS 6.300 HECTÁREAS PARA A RETIRADA DE MADEIRA E PROTECCIÓN DOS SOLOS E NA MELLORA DE 100 KMS DE PISTAS FORESTAIS

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe os traballos realizados pola Consellería do Medio Rural para a restauración e recuperación do monte trala vaga de lumes do 2025, con labores nos solos, mellora de infraestruturas e retirada de madeira
- Neste sentido, leváronse a cabo tarefas de consolidación de solos e redución da escorrentía superficial coa técnica do acolchado con palla (*mulching*) en máis de 100 hectáreas de áreas prioritarias identificadas polo CSIC en Ourense e Lugo
- Desenvolveuse un plan de alleamento de madeira comercial que abrangue un total de máis de 6.200 hectáreas, cun volume global superior os 930.000 m³ de madeira, acadando un prezo de adxudicación de case 13,5 millóns de euros
- Tramitáronse 13 expedientes de restauración hidrolóxico-forestal, con especial atención ás zonas afectadas polos incendios de Larouco, Oímbra e Chandrexa de Queixa, cun investimento de 9,5 millóns de euros
- A prioridade é a recuperación do potencial forestal, mediante unha estratexia que combina accións inmediatas, medidas de medio prazo e unha planificación a longo prazo orientada á resiliencia das masas forestais
- Ao longo dos próximos meses realizaranse máis avaliacións do estado do solo e vexetación, así como para identificar as zonas nas que levar a cabo reforestacións

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, segue a traballar para paliar as consecuencias da vaga de lumes do verán de 2025. Así o constata un informe avaliado hoxe no Consello do Goberno galego sobre os traballos de restauración e recuperación realizados no monte cunha actuación en máis de 6.300 hectáreas, entre a extracción de madeira comercial en montes de xestión pública e co acolchado de palla para a consolidación de solos e redución da escorrentía superficial; e na mellora de algo máis de 100 quilómetros de pistas forestais.

Concretamente, desde a Dirección Xeral de Defensa do Monte, en colaboración co Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), realizáronse unha serie de traballos que permitiron identificar as áreas prioritarias nas que intervir para levar a cabo a consolidación de solos e redución da escorrentía superficial. Para iso, procedeuse coa técnica de acolchado con palla, técnica coñecida como *mulching*, e coa instalación de barreiras de biomasa como faxinas ou albarradas. En total, actuouse en preto de 110 hectáreas a través de *mulching* e *helimulching* e instaláronse arredor de 1.000 metros de albarradas entre as provincias de Ourense e Lugo, nas de maior incidencia de lumes pasado verán.

A maiores, tamén se procedeu coa adecuación do firme das pistas forestais danadas, con labores como a limpeza de cunetas e a instalación e/ou reparación das obras de paso necesarias para mellorar a capacidade de evacuación das augas. Neste sentido, actuouse en máis de 100 quilómetros de pistas das catro provincias. En total, tanto para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estes labores como para as tarefas de *mulching*, mobilizouse un orzamento de case 1,6 millóns de euros.

Análise da técnica do *mulching*

O pasado 24 de febreiro realizouse, por parte do CSIC, unha prospección de parte da área afectada polos incendios de Larouco-Seadur e Oímbra-A Granxa, correspondente a masas de *Pinus pinaster*, onde se está efectuando a corta e saca da madeira queimada. O obxectivo era identificar se esas operacións poden amplificar a resposta hidrolóxica despois do incendio.

Cómpre resaltar que, caso de Larouco-Seadur a prospección centrouse nas ladeiras do río Leira e os regatos vertentes por enriba de Vilamartín de Valdeorras. A severidade do lume predominante foi moderada na vexetación e baixa no solo e, a pesares das intensas precipitacións, non se observaron sinais de erosión apreciable nas ladeiras queimadas nas que aínda non se extraeu a madeira queimada ou noutras onde a severidade do lume foi moderada.

No caso de Oímbra-A Granxa, a maioría da superficie queimada foi afectada polo lume de forma moderada. Isto probablemente reduciu o impacto da saca da madeira queimada. Na análise preliminar non se teñen identificado áreas problemáticas, predominando o bo estado xeral das pistas e cunetas. Nas zonas onde se aplicou a cobertura de *mulch* despois do incendio, esta permanece protexendo o solo.

De cara aos próximos meses seguiranse levando a cabo avaliacións coa colaboración dos distritos forestais mediante mostreos sistemáticos, estimando a cobertura vexetal, altura das plantas e cobertura do solo, ademais de posibles formas de erosión.

Retirada de madeira afectada

Por outra banda, desde a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal estase a traballar na retirada da madeira comercial afectada, para logo continuar coa eliminación de madeira non comercial. Estas actuacións son imprescindibles para favorecer as bases dunha rexeneración posterior das masas arboradas.

Neste sentido, na provincia de Ourense desenvolveuse un plan de alleamento de madeira comercial que está permitindo mobilizar un volume significativo de madeira queimada procedente dos incendios de 2025, articulando un proceso ordenado de posta no mercado e xeración de ingresos para as entidades titulares. Segundo os últimos datos, o plan abrangue un total de máis de 6.200 hectáreas, cun volume global superior os 930.000 m³ de madeira, acadando un prezo de adxudicación de case 13,5 millóns de euros.

Este alleamento contribuíu á recuperación de valor dunha madeira que, de non ser mobilizada con celeridade, podería sufrir unha depreciación progresiva por efectos de pragas, fungos ou deterioración estrutural. Ademais, a posta no mercado deste volume favoreceu a actividade das empresas de aproveitamento forestal e da industria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transformadora, dinamizando a economía local nun contexto de especial dificultade tras os incendios.

Actuacións de restauración hidrolóxico-forestal

A Xunta de Galicia, en colaboración co Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO), está tamén impulsando actuacións de restauración hidrolóxico-forestal por importe de 9,5 millóns de euros. En total tramitáronse 13 expedientes centrados nas zonas afectadas polos incendios de Larouco, Oímbra, Chandrexa de Queixa, A Mezquita e Carballeda de Valdeorras.

As actuacións executadas teñen como finalidade principal a estabilización e protección do solo fronte a procesos erosivos, a corrección hidrolóxica en zonas de forte pendente, a restauración de infraestruturas forestais danadas, así como a recuperación da cuberta vexetal en áreas prioritarias.

A Consellería do Medio Rural está a traballar co obxectivo de dar resposta ao novo escenario xerado pola vaga de incendios forestais acontecida neste verán. A prioridade é, a maiores das tarefas inmediatas de protección do solo e recuperación das infraestruturas de prevención danadas, a recuperación do potencial forestal, mediante unha estratexia que combina accións inmediatas, medidas de medio prazo e unha planificación a longo prazo orientada á resiliencia das masas forestais.

A partir de agora traballarase na identificación das zonas onde será necesario acometer investimentos específicos de restauración forestal, dirixidos a reforestar zonas sen capacidade de rexeneración natural. Tamén se manterá un seguimento continuo do estado fitosanitario do arborado, co fin de detectar con rapidez posibles riscos derivados da debilidade das masas tras os incendios.